

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e catro de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asisten, con escusa, dona Leonor Fernández Grande e dona M^a Jesús Gómez González, do PSdeG-PSOE.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examínase o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Único: Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Cambre do exercicio 2015

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas o día 13 de outubro de 2016, co voto a prol dos dous concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño e don Juan González Leirós, titulares), os dous concelleiros do PSdeG-PSOE (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona M^a Jesús Gómez González, titulares) e a concelleira de C's integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo); coa abstención do concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Vista a proposta de Alcaldía do día 21 de novembro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2015, previsto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (*Boletín Oficial da Provincia* núm. 196 do día 17 de outubro de 2016), que finalizou o pasado 8 de novembro de 2016, e non téndose presentado alegacións durante o dito prazo e os oito días seguintes, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión especial de Contas, a seguinte proposta de acordo:

Aprobar a Conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2015, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do Concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.”

Concedida a palabra don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, dá lectura íntegra á proposta da Alcaldía do día 21 de novembro de 2016.

A continuación explica que dentro do informe figura que o balance total de activo e pasivo do Concello de Cambre ascende a 39.923.227,97 euros. O saldo da conta do resultado económico patrimonial reflicte un aforro de 109.904,12 euros. E o resultado orzamentario presenta 676.049,43 euros.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que respecto da proposta da Conta Xeral do exercicio 2015, o seu grupo simplemente ten que dicir que se trata dun documento basicamente

contable, do cal non se poden extraer conclusións ou valoracións políticas concluíntes como se poden extraer doutras accións de goberno. Simplemente teñen constatado que cumpre cos requisitos formais, esixidos pola lei.

Continúa dicindo que é un documento contable sobre todo tendo en conta que ten cambiado o plan xeral de contabilidade, que xa non se aplica o anterior, senón o último do 2013. Este é o primeiro exercicio no que se aplica o novo plan xeral de contabilidade, e como informa a propia memoria da Conta Xeral non é posible, como anteriormente, realizar unha comparativa co exercicio do 2014.

Tendo ademais en conta que os informes de reparos foron presentados ao Pleno municipal mediante informe de Intervención precisamente neste mesmo ano, cre que foi no mes de abril, tendo en conta todas estas cuestións, o voto do Grupo Municipal Popular será a abstención, tamén en certo modo porque parte desta Conta Xeral, dende o mes de xaneiro do 2015 ao mes de xuño, pertence á acción de goberno do PP. Conclúe, polo tanto, reiterando que o seu voto será abstención.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir, simplemente, que se lle esqueceu pedir desculpas por traer o documento tarde. Xa o fixeron por algún reproche da oposición, pero quería iniciar o pleno pedindo novamente desculpas por traelo tarde. Tiñan que telo traído cre que en outubro, máis ou menos, pero como todos saben houbo un cambio do programa de contabilidade en Intervención, e iso atrasoulles un pouco todo isto. Por iso reitera que pide desculpas por traelo tarde.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que por parte do seu grupo, igualmente que non se opuxeron, nin puxeron ningún tipo de impedimento, como non podía ser doutra forma, á aprobación dos orzamentos que son orixe desta Conta Xeral, vanse abster agora na súa aprobación.

Di que certo é, como acaba de comentar a concelleira do PP, que non deixa de ser un documento contable, un trámite administrativo, necesitan enviar a Conta Xeral, e pola súa parte non teñen nada máis que engadir.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar favorablemente.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo queren aplaudir a Intervención polo feito de considerar máis correcto que para o vindeiro exercicio se deban imputar á conta 413 o total das facturas que estean rexistradas, aínda que estean pendentes de aprobar.

Por outra parte, a ver se para o vindeiro exercicio teñen a oportunidade de que estea presentada a Conta Xeral a día 1 de outubro, pero volve repetir que felicitan a Intervención por esa novidade, porque vai dar moita máis transparencia. Saben que non é obriga de Intervención facelo, pero tamén saben que favorece a transparencia das contas do Concello de Cambre, por iso dan o seu agradecemento.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os dous concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia